



Manuel M^a Durán Guillán, voceiro do grupo do Partido Popular neste concello presenta a seguinte moción para que sexa debatida na vindeira sesión plenaria, relativa á falta de resposta por parte do Concello ós escritos presentados polas distintas formacións políticas.

Exposición de Motivos:

No Pleno de 29 de setembro de 2016, aprobouse por unanimidade unha moción presentada por este grupo, relativa á obriga a dar resposta pola Alcaldía ós escritos nun prazo máximo de quince días si estes son presentados por formacións políticas, e un prazo de trinta para todos os restantes escritos presentados.

Polo visto, esta ausencia de contestación segue sendo a dinámica utilizada tanto para as formacións políticas, como para o resto de veciños e veciñas do pobo.

Recordarlle ó equipo de goberno, e especialmente ó Alcalde, que ten obriga de dar resposta ós escritos presentados segundo se deriva da propia Constitución Española, da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común así como do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais.

Ante o alarde continuo por parte deste goberno da súa transparencia, parécenos inaceptable que a día de hoxe sigan sen dar resposta a moitos veciños e ós grupos da oposición, especialmente ós numerosos escritos presentados polo Partido Popular desde o ano 2015 ata día de hoxe.

Por todo o exposto solicitamos ao pleno da corporación:

- Reprobar ó Alcalde e o seu equipo de goberno pola falta de dilixencia á hora de responder ás peticións de información tanto por parte dos grupos políticos como do resto de veciños e veciñas da vila.



Manuel M^a Durán Guillán

Concelleiro do Grupo Municipal do PP

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL